



Inserción laboral de persoas con discapacidade

O DIRECTOR XERAL DE **FUNDACIÓN ONCE**, JOSÉ LUIS MARTÍNEZ, E O PRESIDENTE DE HM HOSPITALES, JUAN ABARCA, ASINARON UN **CONVENIO PARA FACILITAR A INCORPORACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

POR TALENTO

José Luis Martínez Donoso e o Dr. Abarca Cidón tras a firma do convenio



O acordo subscrito enmárcase no programa operativo de Inclusión Social e da Economía Social (POISES) que está a desenvolver a **Fundación ONCE** a través de Insere Emprego coa cofinanciación do Fondo Social Europeo, co obxectivo de incrementar a formación e o emprego das persoas con discapacidade. O director xeral de **Fundación ONCE**, José Luis Martínez, asegurou que con esta firma ábrese un novo escenario para o emprego das persoas con discapacidade. "Para nós é un reto porque HM Hospitales demanda perfiles moi cualificados e ademais, conta cun centro formativo que nos pode axudar a que a colaboración sexa máis fácil", asegurou. Pola súa banda Juan Abarca, presidente de HM Hospitales, afirmou que con este convenio o grupo "avanza no seu compromiso de integración de persoas con discapacidade e achega o seu gran de area en construír unha sociedade máis xusta e solidaria". O grupo ten arredor de 4.000 empregos directos dos que o 82 % teñen contratos indefinidos e un 76 % son empregos femininos. ■